

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

INSTRUCCIÓN 6/2011, do 13 de maio, sobre competencias profesionais en materia de industria, enerxía e minas.

Ante a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas formuláronse reiteradamente conflitos de competencias profesionais entre diferentes ramas da enxeñaría respecto á redacción, sinatura, execución e dirección de proxectos en materia de industria, enerxía e minas. Destes conflitos tívose coñecemento a través de consultas elevadas a este centro directivo desde as diferentes xefaturas territoriais e tamén por comunicacións remitidas polos colexios profesionais afectados.

En relación coas competencias profesionais dos enxeñeiros de minas en materia de instalacións enerxéticas, o Consello Galego da Competencia emitiu informe o 5 de maio de 2011 cunha serie de observacións ao respecto, do que se achega copia para o seu coñecemento e aplicación do seu contido.

Sobre a base das conclusións do citado informe, dítase a seguinte instrución:

Instrución primeira. *Criterio sobre competencias profesionais.*

Respecto á competencia profesional das diferentes ramas da enxeñaría para redactar, asinar, executar e dirixir proxectos en materia de industria, enerxía e minas, aplicarase o criterio de ter en conta a cualificación profesional e o abano de coñecementos que configuran o currículo académico de cada disciplina profesional («facultativo competente»), sen adscricións excluíntes que poidan dar lugar a «monopolios profesionais», salvo exixencia legal expresa.

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2011.

Ángel Bernardo Tahoces
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas